

LINGUA E LITERATURA GALEGA 3º ESO (LOMCE)

7.1.- Criterios de avaliación

1ª AVALIACIÓN

| <i>Clave criterio de avaliación</i> | <i>Definición criterios de avaliación</i> | <i>Clave contido</i> | <i>Estándares de aprendizaxe</i> |
|-------------------------------------|--|----------------------|--|
| B1.4. | Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos. | B1.4. | LGB1.4.1 LGB1.4.2. |
| B1.8. | Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | B1.8. | LGB1.8.1 LGB1.8.2 LGB1.8.3 LGB1.8.4. LGB1.8.5 LGB1.8.6 LGB1.8.7. |
| B1.9. | Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica. | B1.9. | LGB1.9.1 LGB1.9.2 LGB1.9.3 LGB1.9.4. |
| B2.1. | Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. | B2.1. | LGB2.1.1. LGB2.1.2 LGB2.1.3 LGB2.1.4. |
| B2.2. | Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos. | B2.2. | LGB2.2.1. LGB2.2.2. |
| B2.9 | Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros. | B2.9 | LGB2.9.1. |
| B3.1. | Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. Redes sociais, plantas medicinais, emocións, o universo | B3.1. | LGB3.1.1. LGB3.2.1. LGB3.2.2. |
| B3.2. | Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais ((substantivo, adxectivo). | B3.2. | LGB3.2.1. LGB3.2.2. |

| | | | |
|----------------------|--|----------------------|--|
| B3.3. | Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras. | B3.3. | LGB3.3.1. LGB3.3.2. |
| B3.6. | Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Acentuación, diacríticos. | B3.6. | LGB3.6.1. |
| B3.7. | Analizar e usar correctamente a puntuación. | B3.7. | LGB3.7.1. |
| B4.1 B4.2 B4.3 | Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua. | B4.1 B4.2 B4.3 | LGB4.1.1. LGB4.1.2. LGB4.1.3. LGB4.1.4. LGB4.1.5. LGB4.1.6. |
| B4.4. | Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega medieval. | B4.6. | LGB4.4.1. LGB4.4.2. LGB4.4.3. LGB4.4.4. LGB4.4.5. |
| B5.1. | Identificar e comprender o período da Literatura Galega medieval. Cantiga de Amigo, Cantiga de Amor, Cantiga de Escarnio, Xéneros menores. | B5.1. | LGLB5.1.1. LGLB5.1.2. |
| B5.2. | Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega da Idade Media e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico. | B5.2. | LGLB5.2.1. LGLB5.2.2. LGLB5.2.3. LGLB5.2.4. |
| B5.3. | Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e lecturas dramatizadas de textos representativos da literatura galega medieval. | B5.3. | LGLB5.3.1. LGLB5.3.2. |
| B5.4. | Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega da Idade Media. | B5.4. | LGLB5.4.1. |

2ª AVALIACIÓN

| <i>Clave criterio de avaliación</i> | <i>Definición criterios de avaliación</i> | <i>Clave contido</i> | <i>Estándares de aprendizaxe</i> |
|-------------------------------------|---|----------------------|----------------------------------|
|-------------------------------------|---|----------------------|----------------------------------|

| | | | |
|--------|--|--------|---|
| B1.3. | Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos. | B1.3. | LGB1.3.1 LGB1.3.2 LGB1.3.3. |
| B2.4. | Comprender e interpretar textos de carácter académico, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta. | B2.4. | LGB2.4.1. LGB2.4.2 LGB2.4.3. |
| B2.5. | Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos. | B2.5. | LGB2.5.1. LGB2.5.2 |
| B2.11. | Producir, en soporte papel ou dixital, textos expositivos do ámbito académico: informes, proxectos sobre tarefas académicas das distintas materias curriculares. | B2.11. | LGB2.11.1. LGB2.11.2 |
| B3.1. | Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. As artes, topónimos, xentilicios, espeleoloxía, paisaxe natural | B3.1. | LGB3.1.1. LGB3.2.1. LGB3.2.2. |
| B3.2. | Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. (Artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, pronome persoal, verbo) | B3.2. | LGB3.2.1. LGB3.2.2. |
| B3.6. | Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Maiúsculas, minúsculas, abreviaturas, siglas, usos de b/v, h. | B3.6. | LGB3.6.1. |
| B3.8. | Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan. | B3.8. | LGB3.8.1. |
| B4.4. | Recoñecer os principios elementos na orixe e formación da lingua galega. O galego nos séculos XV-XVIII; o galego no século XIX. | B4.6. | LGB4.4.1. LGB4.4.2. LGB4.4.3. LGB4.4.4, LGB4.4.5. |
| B4.5. | Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. | B4.7. | LGB4.5.1 |
| B5.1. | Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da Literatura Galega. Cantigas de Santa María, prosa medieval, literatura dos Séculos Escuros e Ilustración, Prerrexurdimento, Rexurdimento -Rosalía de Castro- | B5.1. | LGLB5.1.1. LGLB5.1.2. |
| B5.2. | Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde as Cantigas de Santa María a Rosalía de Castro. Relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico. | B5.2. | LGLB5.2.1. LGLB5.2.2. LGLB5.2.3. |

| | | | |
|-------|---|-------|--------------------------|
| | | | LGLB5.2.4. |
| B5.3. | Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos representativos da literatura galega desde as Cantigas de Santa María a Rosalía de Castro. | B5.3. | LGLB5.3.1. LGLB5.3.2. |
| B5.4. | Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde as Cantigas de Santa María a Rosalía de Castro. | B5.4. | LGLB5.4.1. |

3ª AVALIACIÓN

| <i>Clave criterio de avaliación</i> | <i>Definición criterios de avaliación</i> | <i>Clave contido</i> | <i>Estándares de aprendizaxe</i> |
|-------------------------------------|--|----------------------|-------------------------------------|
| B1.1. | Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual. | B1.1. | LGB1.1.1 LGB1.1.2. |
| B1.2. | Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. | B1.2. | LGB1.2.1 LGB1.2.2 LGB1.2.3. |
| B2.3. | Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes. | B2.3. | LGB2.3.1. LGB2.3.2. |
| B2.10. | Producir, en soporte papel ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. | B2.10. | LGB2.10.1. |
| B3.1. | Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. A xustiza e as leis, ecoloxía, prensa, mundo dixital. | B3.1. | LGB3.1.1. LGB3.2.1. LGB3.2.2. |
| B3.2. | Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. Formas nominais, perífrases, adverbios, preposicións, locucións adverbiais e prepositivas, conxuncións e interxeccións. | B3.2. | LGB3.2.1. LGB3.2.2. |
| B3.4. | Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega. | B3.4. | LGB3.4.1. |
| B3.6. | Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Usos de s/x, se non/senón, l/ll, n/ñ, grupos consonánticos, haber/a ver, ai/hai/aí | B3.6. | LGB3.6.1. |
| B3.9. | Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión. | B3.9. | LGB3.9.1. |

| | | | |
|-------|---|-------|--|
| B4.2. | Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. | B4.4. | LGB4.2.1. LGB4.2.2. LGB4.2.3. |
| B4.6. | Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | B4.8. | LGB4.6.1 |
| B4.7. | Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia. | B4.9. | LGB4.7.1. LGB4.7.2. LGB4.7.3. |
| B5.1. | Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega. Rexurdimento -Curros Enríquez, Pondal-, prosa e teatro, Diádocos, Epígonos. | B5.1. | LGLB5.1.1. LGLB5.1.2. |
| B5.2. | Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega. Rexurdimento -Curros Enríquez, Pondal-, prosa e teatro, Diádocos, Epígonos. Relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico. | B5.2. | LGLB5.2.1. LGLB5.2.2. LGLB5.2.3. LGLB5.2.4. |
| B5.3. | Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega. Rexurdimento -Curros Enríquez, Pondal-, prosa e teatro, Diádocos, Epígonos. | B5.3. | LGLB5.3.1. LGLB5.3.2. |
| B5.4. | Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega. Rexurdimento -Curros Enríquez, Pondal-, prosa e teatro, Diádocos, Epígonos. | B5.4. | LGLB5.4.1. |

AO LONGO DO CURSO

| <i>Clave criterio de avaliación</i> | <i>Definición criterios de avaliación</i> | <i>Clave contido</i> | <i>Estándares de aprendizaxe</i> |
|-------------------------------------|---|----------------------|-----------------------------------|
| B1.5. | Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas. | B1.5. | LGB1.5.1 LGB1.5.2. |
| B1.6. | Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.6. | LGB1.6.1 LGB1.6.2 LGB1.6.3. |
| B1.10. | Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | B1.10. | LGB1.10.1 LGB1.10.2. |
| B2.1. | Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. | B2.1. | LGB2.1.1 LGB2.1.2 |

| | | | |
|--------|---|--------|---|
| | | | LGB2.1.3 LGB2.1.4. |
| B2.6. | Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. | B2.6. | LGB2.6.1. |
| B2.7. | Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. | B2.7. | LGB2.7.1. LGB2.7.2 |
| B2.8. | Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego. | B2.8. | LGB2.8.1. LGB2.8.2 |
| B2.11. | Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares. | B2.11. | LGB2.11.1. LGB2.11.2. |
| B2.12. | Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | B2.12. | LGB2.12.1. LGB2.12.2 LGB2.12.3 LGB2.12.4. LGB2.12.5 LGB2.12.6. |
| B2.13. | Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. | B2.13. | LGB2.13.1. |
| B2.14. | Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. | B2.14. | LGB2.14.1. |
| B3.5. | Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. | B3.5. | LGB3.5.1. |
| B3.10. | Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros. | B3.10. | LGB3.10.1. |
| B3.11. | Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos. | B3.11. | LGB3.11.1. |
| B3.12. | Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | B3.12. | LGB3.11.1. |

| | | | |
|--------|--|--------|-------------------------------------|
| B3.13. | Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | B3.13. | LGB3.11.1. |
| B4.3. | Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | B4.5. | LGB4.3.1. LGB4.3.2. LGB4.3.3. |
| B5.5. | Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. | B5.5. | LGLB5.5.1.; LGLB5.5.2. |
| B5.6. | Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | B5.6. | LGLB5.6.1. LGLB5.6.2. |

4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación desta materia será continua. Haberá dous exames por avaliación, un exame de comprensión lectora tamén por avaliación e un exame final. Igualmente avaliarase o traballo diario de aula: os cadernos, os traballos propostos periodicamente e o uso das Tic na elaboración deses traballos, o interese por evitar prexuízos, o empeño en mellorar os usos lingüísticos, o manexo de dicionarios e páxinas de consulta dixital, o uso da Aula Virtual e da realización das tarefas alí propostas. Aprobar os tres exames de comprensión lectora, un por avaliación e por obra de lectura obrigatoria, será condición *sine qua non* para aprobar a materia.

Ademais avaliarase día a día o uso oral da lingua, se se emprega con corrección, se se incorpora o vocabulario adquirido, se a participación nas intervencións é conforme á utilización das estratexias aprendidas, se se foxe de clichés, estereotipos e prexuízos, se se pon coidado en mellorar a fonética e se progresa na calidade da lectura atendendo ás mensaxes transmitidas no texto

Tanto os exames de avaliación e de comprensión lectora, como o traballo diario do alumnado e o uso oral da lingua servirán para verificar se se acadaron os estándares de aprendizaxe detallados no apartado 2.2 e novamente reseñados no apartado 4.1.

O exame final terano que realizar só aqueles alumnos e alumnas que non lograsen unha consecución óptima dos estándares de aprendizaxe propostos en cada unha das avaliacións e teñan unha cualificación menor de cinco (5) ao finalizar a terceira. A realización do exame final será en xuño. O alumnado que acada os estándares propostos e obteña cualificacións de cinco (5), ou superiores, ao longo das tres avaliacións non terá que realizar ese exame final a non ser que opcionalmente queira mellorar a súa media numérica final.

Se o alumno ou alumna non consegue superar os obxectivos propostos en xuño e tivese que examinarse en setembro, hai que considerar que os exames de setembro son exames extraordinarios nos que se debe demostrar que se conseguiron os obxectivos que non se lograron acadar ao longo do curso. En Lingua Galega e Literatura 3º de ESO, quen teña que presentarse ás probas extraordinarias examinaranse de **toda a materia**, tanto da parte *teórico-práctica*, que se pode preparar cos libros de texto ou cos recursos da Aula Virtual, como da parte de *comprensión lectora*, que se prepara lendo os libros de lectura obrigatoria. De calquera xeito, contémpanse as seguintes excepcións:

Alumnos que aproben os libros pero suspendan a parte teórico-práctica. En setembro NON farán o exame de libros de lectura (comprensión lectora), só realizarán a proba teórico-práctica.

Alumnos que suspendan a parte de comprensión lectora e aproben a parte teórico-práctica.

En setembro UNICAMENTE se examinarán dos libros de lectura. Hai que lembrar que aprobar os libros de lectura, é condición indispensable -aínda que non a única- para superar a materia, polo tanto, ningún alumno/-a con libros pendentes poderá adquirir a cualificación de APROBADO

Lémbrese, en todo caso, que para aprobar a materia Lingua e Literatura Galega, hai que aprobar as dúas partes de que consta, ben en xuño, ben en setembro.

7.2.- Criterios de Cualificación

A cualificación obtida por avaliación resultará de combinar todas as notas na seguinte proporción:

Exames de avaliación (dous por trimestre). Cada exame realizarase sobre dúas unidades do libro de texto e o material correlativo da Aula Virtual. Cada un deles puntuarase sobre dez (10); a nota será unha media das dúas probas e representa o 80% da nota numérica da avaliación correspondente.

Traballos. Cada trimestre, o alumnado (individualmente ou en grupo) terá que realizar un número determinado de traballos escritos ou orais dos que serán previamente avisados. Os traballos serán cualificados e a media resultante de todas as cualificacións equivalerá ao 20% da nota da avaliación correspondente. De tratarse de traballos de grupo, a cualificación será a mesma para todos os membros do grupo.

Libros de lectura. Unha proba por avaliación. Para aprobar a materia é indispensable aprobar as obras de lectura.

Para acadar unha cualificación positiva nas diferentes avaliacións, a nota mínima resultante da combinación anterior será de cinco (5) e libro de lectura aprobado. A nota final será a media resultante das cualificacións das tres avaliacións. Aqueles alumnos que, despois de realizar as tres avaliacións, obteñan unha nota media igual ou superior a cinco (5) e aproben as tres obras de lectura, non terán que realizar o exame final.

Os alumnos que obteñan menos de cinco (5) na nota media final, ou suspendan as obras de lectura, terán que realizar un exame final en xuño onde demostrarán que acadan os estándares de aprendizaxe sinalados nos apartados correspondentes. Destácase que **é condición indispensable aprobar todas as obras de lectura obrigatoria**. Se non se supera o exame final de xuño, haberá que realizar o exame extraordinario de setembro nos termos establecidos no apartado 4.3.

Para os alumnos que teñan AC seguiranse os mesmos criterios, o que variará será o tipo de proba e traballos solicitados.

4.2.- Grao mínimo de consecución para superar a materia.

| <i>Clave contido</i> | <i>Definición</i> | <i>Estándares de aprendizaxe</i> |
|--|---|--|
| B2.1 B2.7 B2.11 B2.12 B3.6 B3.7 B3.10 B3.13 | Ler as tres obras de lectura obrigatoria e realizar os traballos e/ou exames correspondentes. | LGB2.1.3 LGB2.7.1 LGB2.7.2 LGB2.11.2 LGB2.12.1 LGB3.6.1 LGB3.7.1 LGB3.10.1 LGB3.13.1 LGB5.5.5.1 LGB5.5.2 |

| | | | |
|--------|--|--------------------------------------|---------------------------------------|
| B5.5 | | | |
| B1.5. | Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. | LGB1.5.1 | LGB1.5.2. |
| B1.6. | Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.6.1 | LGB1.6.2 LGB1.6.3. |
| B1.9. | Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa | LGB1.9.1 | LGB1.9.2 LGB1.9.3 LGB1.9.4. |
| B2.5. | Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos. | LGB2.5.1. | LGB2.5.2 |
| B2.7. | Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións | LGB2.7.1. | LGB2.7.2 |
| B2.8. | Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego. | LGB2.8.1. | LGB2.8.2 |
| B2.12. | Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | LGB2.12.1. LGB2.12.3 LGB2.12.5 | LGB2.12.2 LGB2.12.4. LGB2.12.6. |
| B3.2. | Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. | | |
| B3.3. | Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición) | LGB3.6.1. | |
| B3.4. | A fonética e a fonoloxía do galego. Interferencias. | | |
| B3.6. | Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz. | LGB4.1.1. LGB4.1.3. LGB4.1.5. | LGB4.1.2. LGB4.1.4. LGB4.1.6. |
| B3.10. | Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores. | LGB3.10.1. | |
| B4.4. | Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes. Bilingüismo e Diglosia | LGB4.2.1.; LGB4.2.3. | LGB4.2.2.; |

| | | | |
|-------|--|-------------------------|-------------|
| B4.5. | Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | LGB4.3.1.; LGB4.3.3. | LGB4.3.2.; |
| B4.6. | A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. | LGB4.4.1.; | LGB4.4.2.; |
| | | LGB4.4.3.; | LGB4.4.4.; |
| | | LGB4.4.5. | |
| B4.7. | Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. | LGB4.5.1 | |
| B5.1. | Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. | LGLB5.1.1.; LGLB5.1.2. | |
| B5.2. | Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. | LGLB5.2.1.; | LGLB5.2.2.; |
| | | LGLB5.2.3.; | LGLB5.2.4. |